



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Anuncio de notificación de decreto número 1010 de 2024, de 07 de xuño de 2024, en expediente de 2024/X999/000025.

En relación co expediente referenciado na que se resolve a Extinción definitiva de autorizacións municipais de venda ambulante, das seguintes persoas:

DOCUMENTO: 46896195T

Tentada a notificación mediante o servizo de correos sen que puidese practicarse por resultar ausentes, descoñecidos ou recollida no domicilio por persoa distinta e ante o resultado infrutuoso e en cumprimento do establecido no artigo 44 da referida Lei 39/2015, do 1 de Outubro, procédese a publicar o presente anuncio, significando que, dado que este acto non se publica na súa integridade, de conformidade co previsto nos artigos 45 e 46 da mesma lei, o texto íntegro da resolución que se notifica atópase a disposición, xunto ao resto da documentación do expediente, dos interesados ou os seus representantes que deberán comparecer no prazo máximo de 10 días, contados desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado, en horario de nove a catorce horas, de luns a venres, con excepción dos días inhábiles, no Departamento de Feiras e Mercados do Concello de Betanzos, C/ Praza de Galicia, número 1.

A efectos do cómputo de prazos do procedemento administrativo para a presentación de posibles alegacións ou recursos segundo proceda, a data de notificación é a do día seguinte á de publicación deste anuncio no Taboleiro Edictal Único do BOE.

Cando transcorrido devandito prazo non se compareceu, a notificación entenderase producida para todos os efectos legais desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Contra a dita resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio. Igualmente poderá interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao desta publicación, podendo utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

Betanzos, na data que figura na marxe

O secretario (Asinado aos efectos do art. 3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés

Betanzos, en la fecha que figura al margen.

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRONICAMENTE

El Secretario,

Adrián Márquez Caramés.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).